

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL MUXÍA

Modificación parcial RPT

ANUNCIO

ASUNTO: MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO CONCELLO DE MUXÍA, con NRE (202699900000571) DE DATA 7.05.2026.

EXPEDIENTE No: 2026/E004/0000901

O Pleno da Corporación do Concello de Muxía, en sesión extraordinaria celebrada o 20 de maio de 2026, aprobou a Modificación Puntual da Relación de Postos de Traballo con NRE 202699900000571 de data 7 de maio.

Os postos obxecto de modificación e os cambios a realizar, son os seguintes:

Funcionalización do postos de Técnico de Admón Xeral: Posto 1001

Posto que figuran na actualidade como laboral pero para o que o contido das funcións que teñen encomendadas aconsellan a súa funcionalización, ao realizar funcións, propias do estatuto funcionarial, nas que se exerce potestades administrativas que implican a incoación, instrución e incluso informes para resolución de procedementos, (pe contratación) e con especial incidencia na materia de Control de seguridade informática- ENS -, na que como Responsable do Sistema realiza as seguintes funcións e tarefas:

Paralizar ou dar suspensión ao acceso a información ou prestación de servizo. Desenvolver, operar e manter o sistema de información durante todo o seu ciclo de vida. · Elaborar os procedementos operativos necesarios. Prestar ao Responsable de Seguridade da Información asesoramento para a determinación da Categoría do Sistema. · Colaborar, se así se lle require, na elaboración e implantación dos plans de mellora da seguridade e, chegado o caso, nos plans de continuidade. Levar a cabo as funcións do administrador da seguridade do sistema: A xestión, configuración e actualización, no seu caso, do hardware e software nos que se basean os mecanismos e servizos de seguridade. A xestión das autorizacións concedidas aos usuarios do sistema, en particular os privilexios concedidos, incluíndo a monitorización da actividade desenvolvida no sistema e a súa correspondencia co autorizado. Aprobado os cambios na configuración vixente do Sistema de Información., etc. Estas funcións foron adscritas ao posto con posterioridade á RPT por non existir outra persoa con titulación e coñecementos precisos para levalas a cabo pero cun carácter provisional que esixe a adecuación referida.

Aumento da xornada laboral do posto de psicóloga CIM: Ven motivado pola recente xubilación da persoa que prestaba apoio psicolóxico ao CIM. Plantéxase o aumento de 3 h semanais neste posto. As determinacións da subvención que a Xunta concede para o CIM esixe a prestación deste servizo cun mínimo de 10 h/sem. O volume de usuarias tratadas no servizo nos últimos tempos aconsella o incremento da xornada proposta.

Policía Local: Existen dos postos , un deles vacante. Na RPT vixente establécense que as funcións dos PL serás as determinadas na Lei de coordinación de PL de Galicia. Non obstante, atribuíronse recentemente outras funcións, ás que non se refire a Lei mencionada e que tampouco realizaba con anterioridade a PL, en concreto as derivadas dos convenios asinados recentemente polo Concello e en relación ao sistema Viogem que impliquen funcións e tarefas para a policía local como: valoración do risco, seguimento de medidas impostas, protección inmediata e colaboración con forzas estatais. Isto supón un incremento na responsabilidade do posto.

Amortización posto de coordinador de protección Civil, próxima vacante por xubilación. Na actualidade e dada a configuración dos servizos municipais, nos que figuran persoas con preparación na materia, non se considera conveniente seguir mantendo este posto de traballo. A agrupación de VPC de Muxía sigue a existir e colaborará co concello nos supostos aos que se refire o Regulamento aprobado polo Pleno, sendo legalmente o último responsable de Protección civil o Alcalde.

Ante a xubilación do Técnico de Serv sociais, redefínense as tarefas que están asignadas ao posto e así lograr unha maior adecuación á realidade do servizo.

Coa finalidade de desconxestionar o traballo dos servizos sociais de base, aproveitando unha subvención da Deputación provincial ao respecto, **unha das auxiliares administrativas que prestaban servizos nas oficinas xerais pasan a facelo na área de SSSS**, sen que elo perxudique a prestación e atención do servizo nas oficinas xerais. Trátase de adecuar esta nova situación.

Estas modificacións supoñen certos incrementos retributivos a continuación manifestados:

-Específico dos postos de TAG_Emprego: incremento no específico xustifícase pola especial dificultade técnica e responsabilidade que a asignación da función de Responsable do Sistema e ENS implica. O posto valórase de acordo cos criterios da RPT ao respecto.

- Complemento de destino do posto de Policía Local: O CD é o nivel do posto de traballo e será establecido de acordo coa súa responsabilidade e competencia.

O CD actual dos postos de Policía Local no Concello é o 16. A especialización do posto e as responsabilidades que nos últimos tempos foron adscritas ao mesmo en materia de violencia de xénero e outras antes descritas, aconsella a revisión do CD do posto e o seu incremento ao nivel 16 ao 18.

- Ao aumentar a xornada do posto de psicólogo Cim, aumentan proporcionalmente as súas retribucións.

Estes cambios quedan reflexados no Estudio ao respecto elaborado pola empresa redactora da RPT, que conclúe resumidamente:

POSTOS DE TRABALLO A EXTINGUIR

6001 Coordinador/a de Protección Civil e Seguridade Posto a extinguir na área de Seguridade Cidadá.

POSTOS DE TRABALLO QUE MODIFICAN AS SÚAS CARACTERÍSTICAS

1001 Técnico/a Administración Xeral e Emprego Funcionarización deste posto de traballo e revisión das valoracións do mesmo, na área de Secretaría Xeral, por necesidades organizativas do Concello.

1005 Auxiliar Administrativo/a Traslado dunha das prazas deste posto de traballo, funcionario, da área de Secretaría Xeral á área de Servizos Sociais por razóns organizativas do Concello. Cambio así mesmo do código, pasando a ser 4005.

4001 Técnico/a de Xestión de Servizos Sociais Modificación das funcións deste posto de traballo, funcionario, no servizo de Atención Primaria para adaptalas ao traballo desenvolvido.

4101 Psicóloga Modificación no horario laboral deste posto de traballo, funcionario, na área de Servizos Sociais, no servizo do CIM, para adaptalo ao traballo desenvolvido.

6004 Policía Local Revisión das funcións e valoracións deste posto de traballo, funcionario, na área de Seguridade Cidadá, por necesidades administrativas do Concello.

PERSOAL FUNCIONARIO

Cód.	Denominación do posto	Dot	C.D.	C.E.	TP	FP	Adscrición				Titulación académica	Formación específica	Observacións
							ADM	Grupo	Escala	Subescala			
1001	Técnico medio Administración Xeral	1	22	14.388,34 €		C	A.I.	A2	Administración Xeral	Técnica	Diplomatura/Garo universitario	--	--
4005	Auxiliar administrativo/a	1	16	8.726,50 €		C	A.I.	C2	Administración Xeral	Auxiliar	Graduado en ESO	--	--
4101	Psicóloga CIM	1	26	6.874,82 €		C	A.I.	A1	Administración Especial	Técnica	Licenciatura/Grao universitario	--	Posto con xornada de 12 horas
6001	Coordinador P. Civil e seguridade	1	20	10.128,98 €		C	A.I.	C1	Administración Especial	Servizos especiais	Bacharelato ou técnico	--	Posto a extinguir
6004	Policía Local	1	18	10.804,24 €		C	A.I.	C1	Administración Especial	Servizos especiais	Bacharelato ou técnico	--	Unha das prazas vacante

Contra o acordo plenario, que pon fin á vía administrativa, os/as interesados/as poderán interpoñer alternativamente ou recurso de reposición potestativo ante o Pleno do Concello, no prazo dun mes contados desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou recurso contencioso-administrativo, perante o xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. O artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, advirte que, se se optase por interpoñer o recurso de reposición potestativo non poderá interpoñer recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou producir a súa desestimación por silencio.

Todo iso sen prexuízo de que poida interpoñer o/a interesado/a calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

En Muxía, a 21 de maio de 2026

O Sr Alcalde: Francisco Javier Sar Romero.

2026/3433